



Consello de Galiza

Bós Aires, 23 de novembro de 1965.-

Sr. Representante do
Consello de Galiza,
Don XAVIER F. ALVAJAR
París - Francia

Moi estimado irmán:

Por momentánea ausencia do Segretario de Goberno e Coordinación, don Antón Alonso Pérez, cúprime respostare a súa acta. do 20 de Outono, así coma facere referencia ó intresante informe mandado por Vde. xunto coa mesma.

Iste Consello tomou en consideración a carta i-o informe na súa sesión do día 18 do mes que corre, i-acordou facerlle chegare a Vde., os seus plácemes pola forma tan asisada i-axeitada con que Vde. está a dare cumprimento á delicada e defícele misión que lle está encomendada.

Os compoñentes do Consello coincidimos, de xeito unánime, coas súas apreciacións e prevencións respecto a aitude e ambicións do siñore Xil Robles. E coidamos que, non soio é mestere defendere e sostere, na súa integridade representativa, ó Consello Federal Español, senón que tamén é indispensable mantere e preservare a súa plea liberdade de acción, cousa que fallaría totalmentes no caso de que a presidencia do mesmo recaera nunha persoa residente no interiore da Hespaña, e, conseguintemente, mediatizada polo réxime franquista.

A iniciativa de incorporare ós grupos europeistas da Hespaña, o mesmo que os de América, non debe nunca interferire nin limitare as funcións nin a representatividade do Consello Federal Español, senon concretárese nun xeito de asistencia e nun movemento de opinión encamiñados a darlle predicamento e prestixio.

Por outra banda, non pode ollárese o movemento europeísta da Hespaña asoballada limitado ós partidarios do siñore Xil Robles. Hai que esperare e dare tempo a que o movemento europeísta poida concretárese nos seitores de esquerda e nos movementos nazonalistas galego, catalán e basco. No caso de que o franquismo soio consentira, inda que encubertamente, ó movemento que responde ó Xil Robles, iste sería, con toda evidencia, un movemento comprometido que non merescería sere tido en conta. - - - - -



Consello de Galiza

- - - - - A integración da Hespaña no movemento europeista, ten de facérese polos canles que correspondan as esencias que informan dito movemento. E ilo non sería o caso de ningún movemento directa ou indireitamente mediatizado polo franquismo. Xa que Galiza, mercede a mediación de Vde. e de seu finado pai -decote recordado con agarimo e gratitude no seio deste Consello- entrou pola porta ancha a intervire e facere escoitare a súa verba nas xuntanzas de nivel europeo, facendoo dacordo co siño dos tempos que nos toca vivire, no seu máis fondo senso humano; iste Consello estima que, xa de máis en diante, o posto que poida correspondernos coma povo e coma nación, non debe ficare endexamáis baleiro. Con isto quero decirlle que Vde. queda facultado pra assistire, na representación deste Consello, a cantas xuntanzas estime que eisi o require o mandato histórico que nistes intres lle está imposto ó mesmo, na sua condición de persoeiro da Patria Galega e de Fideicomisario da derradeira vontade libremente eispresada polo povo galego.

Axiña faremos os trámites encamiñados a promover a constitución dos grupos europeistas de Bós Aires e Montevideo.

Inda a contrapelo das dificultás con que tropezamos pra remesa de fondos, sexa como sexa, percuraremos a primeira oportunidade pra facerlle chegare os correspondentes os gastos xa feitos e tamén os que se aveciñan.

Reciba unha forte aperta de

.....
Antón Alonso Ríos
Segredario Xeral





Consello de Galiza

Bós Aires, 23 de novembro de 1965.-

Sr. Representante do
Consello de Galiza,
don XAVIER F. ALVAJAR
París-Francia

Moi estimado irmán:

Por momentánea ausencia do Segretario de Goberno e Coordinación, don Antón Alonso Pérez, cúmpreme respostare a súa atto. do 20 de outono, esí coma facere referencia ó intresante informe mandado por Vde. xunto coa mesma.

Iste Consello tomou en consideración a carta i-o informe na súa sesión do día 18 do mes que corre, i-acordou facerlle chegare a Vde., os seus plácemes pola forma tan asisada i-axeitada con que Vde. está dare cumprimento á delicada e defícele misión que lle está encomendada.

Os compoñentes do Consello coincidimos, de xeito unánime coas súas apreciacións e prevencións respecto a aitude e ambicións do siñore Xil Robles. E coidamos que, non soio é mestere defendere e sostere, na súa integridade representativa, ó Consello Federal Español, senón que tamén é indispensable manter e preservar a súa plea liberdade de acción, cousa que fallaría totalmente no caso de que a presidencia do mesmo recaera nunha persoa residente no interiore da Hespaña, e, conseguintemente, mediatizada polo réxime franquista.

A iniciativa de incorporare ós grupos europeistas da Hespaña, o mesmo que os de América, non debe nunca interferire nin limitare as funcións ini a representatividade do Consello Federal Español, senon concretárese nun xeito de asistencia e nun movemento de opinión encamiñados a darlle predicamento e prestixio.

Por outra banda, non pode ollárese o movemento europeísta da Hespaña asoballada limitado ós partidarios do siñore Xil Robles. Hai que esperare e dare tempo a que o movemento europeísta poida concretárese nos seitores de esquerda e nos movementos nazonalistas galego, catalán e basco. No caso de que o franquismo soio consentira, inda que encubertamente, ó movemento que responde ó Xil Robles, iste sería, con toda evidencia, un movemento comprometido que non merescería sere tido en conta.

///////



Consello de Galiza

////////// A integración da Hespaña do movemento europeista, ten de facérese polos canles que correspondan as esencias que informan dito movemento. E ilo non sería o caso de nungún movemento direita ou indireitamente mediatizado polo franquismo. Xa que Galiza, mercede a mediación de Vde. e de seu finado pai -decote recordado con agarimo e gratitude no seio deste Consello- entrou pola porta ancha a intervire e facere escoitare a súa verba nas xuntanzas de nivel europeu, facendoo dacordo co siño dos tempos que nos toca vivire, no seu máis fondo senso humau; iste Consello estima que, xa de máis en diante, o posto que poida correspondernos coma povo e coma nación, non debe ficare endexamáis baleiro. Con isto quero decirlle que Vde. queda facultado pra asistire, na representación deste Consello, a cantas xuntanzas estime que eisi o require o mandato histórico que nistres intreslle está imposto 'o mesmo, na sua condición de persoeiro da Patria Galega e de Fideicomisario da derradeira vontade libremente eispresada polo povo galego.

Axiña faremos os trámites encamiñados a promover a constitución dos grupos europeistas de Bós Aires e Montevideo.

Inda a contrapelo das dificultades con que tropezamos pra remesa de fondos, sexa como sexa, percuraremos a primeira oportunidade pra facerlle chegare os correspondentes os gastos xa feitos e tamén os que se aveciñan.

Reciba unha forte aperta de

Antón Alonso Ríos
Segretario Xeral